

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/04/2018 14:09:36

SAIDA

4702/18

Sr. director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)
Área Central – Fontiñas
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

dx.igvs@xunta.gal

Expediente: T.11.Q/578/18

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Sr. director xeral:


Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención a *Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMPEMPSGA)*, e o seu representante e presidente Don Miguel Ángel Delgado González.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que presenta unha queixa contra o IGVS e Dona María Martínez Allegue, a quen corresponde a execución da resolución do expediente RSCTG 074/2017 e que, a día da presentación da queixa, segue incumprida e ocultada a información pública, incumprindo a resolución e ocultando os documentos públicos.

Ao considerar que a comprobación da situación denunciada nesta queixa, de seren certa, reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución, admítese a trámite e promóvese a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada Lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, requirimos dese instituto que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre os motivos que ocasionan a falta de resposta á petición de execución por parte da plataforma.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e reciba un atento saúdo.


Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo